



Guía Docente

Datos Identificativos					2016/17
Asignatura (*)	Actualizacións das Tradicións Literarias e Culturais	Código	613584117		
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística				
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es		
Profesorado	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es		
Web	http://www.udc.gal/filo				
Descrición xeral	Estudo e análise crítica das tradicións e das transferencias literarias e culturais, incluíndo as vangardas modernas e os procesos actualizadores ou apropiadores dos espazos literario-culturais propios e alleos. Na sección de contidos figuran os asuntos específicos que serán tratados na materia.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Recoñecer os procesos históricos dos estudos literarios e culturais, describindo algúns dos trazos que supoñen unha mudanza de paradigma	AM8		
Propor e desenvolver unha investigación avanzada ofrecendo un enfoque orixinal e creativo sobre algún tema relacionado coa materia	AM3		CM5 C11
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (oralmente e por escrito) nos debates propios dos estudos literarios e culturais	AM6 AM8	BP7	
Aplicar os diferentes fundamentos ideolóxicos da análise cultural sen perder de vista o contexto	AM1 AM9		CM6
Incorporar a perspectiva transnacional aos estudos literarios	AI2		CM4
Desenvolver estratexias e técnicas que favorezan a negociación e a resolución de conflitos derivados de situacións complexas condicionadas pola diversidade cultural	AM5	BP2	
Interpretar as manifestacións literarias en relación con outros códigos culturais esenciais en cada período (pintura, cinema, música, banda deseñada etc.)	AM4 AM8		CM2
Identificar e interpretar os novos marcos teóricos e conceptuais que intentan explicar a evolución da cultura contemporánea	AM7 AM8 AM9		
Empregar a metodoloxía comparatista na análise da literatura, da arte e da cultura no ámbito galego-portugués	AM9 AI2		
Manexar argumentarios sólidos e complexos, que enlacen co estado da cuestión no ámbito internacional	AM4	BP3	CM4 CM5
Propor e realizar análises orixinais sobre problemas actuais nos ámbitos concretos da creación, da produción, da transmisión ou da recepción dos produtos culturais, artísticos e literarios	AM3 AM9		
Reaizar análises segundo os principios e os métodos propios das correntes teóricas máis relacionadas cos contidos da materia	AM4	BP3	CM2 CM5
Describir e analizar criticamente os procesos culturais na sociedade contemporánea	AM4 AI2		CM2
Acreditar o coñecemento e o manexo dos principais recursos bibliográficos, hemerográficos, bases de datos e repositorios dixitais sobre estudos literarios e da cultura no ámbito galego-portugués		BP1 BP5	C13

Contidos	
Temas	Subtemas
Tradición literaria e tradición cultural.	Tradición e tradicións. Tradición e canon. Tradición vs. ruptura. A tradición da ruptura. A invención da tradición.
Tradición e relacións interculturais.	Contacto e transferencia cultural.
Tradición e nación.	A tradición no discurso do nacionalismo galego. Tradición, historia e cultura en Murguía. Tradición e literatura nacional.
Actualizacións da tradición.	O celtismo e a materia de Bretaña. Medievalismo/s: o neotrobadorismo. A tradición popular: concepto e actualizacións.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Seminario	A1 A4 A6 A8 A9 B6 B8 B10 C7 C5	10	10	20
Lecturas	A5 A6 A7 B5 C4 C9	4	20	24
Prácticas a través de TIC	A4 C2 C7 C6 C9	0	5	5
Traballos tutelados	A13 A3 A6 A9 B4 C6 C2	1	25	26
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Traballo cooperativo na aula sobre os textos e as lecturas proporcionadas no dossier da materia.
Lecturas	Realización das lecturas indicadas na guía docente e/ou na plataforma moodle.
Prácticas a través de TIC	Utilización dos recursos TIC para a xestión da información e para pesquisa académica.
Traballos tutelados	Realización do traballo titorizado sobre o asunto que se acordará coa profesora e presentación dos seus resultados por escrito e, eventualmente, de forma oral nas aulas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora orientará aos/ás estudantes na preparación das sesións de seminario e na realización do traballo titorizado.
Seminario	A orientación realizarase de forma individualizada e facilitaranse indicacións por escrito cando for preciso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 A3 A6 A9 B4 C6 C2	Será valorado o proceso de realización do traballo titorizado e o seu resultado final presentado por escrito ou oralmente.	60
Seminario	A1 A4 A6 A8 A9 B6 B8 B10 C7 C5	Será valorado a través da entrega por escrito das conclusións dos seminarios.	15
Lecturas	A5 A6 A7 B5 C4 C9	Será valorada a realización das lecturas a través do acompañamento e participación nas sesións presenciais.	25

Observacións avaliación
<p>1. OPORTUNIDADE DE XULLO</p> <p>Deberáanse presentar/realizar as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente.</p> <p>2. NON PRESENTADO</p> <p>Será considerado NON PRESENTADO/A o alumno que non presente o traballo titorizado.</p> <p>3. DISPENSA ACADÉMICA</p> <p>Quen teña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación:</p> <p>1. Traballo titorizado (75%). 2. Lecturas (25%). As datas e condicións específicas estableceranse de acordo coa profesora antes do inicio do período de aulas. Para calquera dúbida, poden pórse en contacto con ela en horario de titorías ou a través dunha mensaxe remitida a t.lopez@udc.gal.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	Beramendi, Justo (2007). De provincia a nación. Historia do galeguismo político. Xerais: Vigo. Bhabha, Homi, dir. (2010). Nación y narración. Buenos Aires: Siglo XXI Argentina. Tradución de María Gabriela Ubaldini. Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade. Xerais: Vigo. Figueroa, Antón (2015). ?Literaturas minoritarias, autonomía e relacións interliterarias?. Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural. Santiago de Compostela: Laiovento, 81-95. González Millán, Xoán (1998). ?O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional. Achegas a un novo marco de reflexión?. Cadernos da lingua: 17, 5-24. González-Millán, Xoán (1994). ?Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipótese de traballo para un estudio institucional da literatura galega?. Anuario de estudos literarios galegos, 67-81. Howbswaum, Eric e Terence Ranger, eds. (2002). La invención de la tradición. Barcelona: Crítica. Tradución de Omar Rodríguez. Máiz, Ramón (1997). A idea de nación. Xerais: Vigo. Romero López, Dolores, coord. (2006). Naciones literarias. Barcelona / Madrid: Anthropos / Universidad Complutense.
Bibliografía complementaria	Será proporcionada nas aulas.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Ante calquera dúbida, recoméndase pórse en contacto coa profesora, en horario de titorías ou escribindo a t.lopez@udc.gal.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías